

ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE RAIRIZ DE VEIGA (RAIRIZ DE VEIGA - OURENSE).

En Ourense a 30 de abril de 2024, reunidos:

Beatriz Sotelo Cao, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Dirección Territorial da Consellería do Medio Rural de Ourense.

María José Batán Carrasco enxeñeira técnica agrícola, xefa da Sección de Estruturas Agrarias e Obras III, do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Ourense e directora dos traballos do "Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización do levantamento topográfico e a obtención dos planos parcelarios, a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de Rairiz de Veiga (Rairiz de Veiga, Ourense), e

Víctor Manuel Yáñez Cortés, en representación de EIDO INGENIEROS S.A., encargada da execución do contrato.

E expoñen o seguinte:

En virtude do Decreto, 191/2022, do 13 de outubro, foi declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Rairiz de Veiga (Rairiz de Veiga – Ourense).

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia, a partires da data deste documento iníciáanse os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona.

E para que conste, esténdese a presente acta que asinan en proba de conformidade os asistentes ao acto no lugar e data indicados.

